XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 21 - Fax 981 54 41 25

galicia

012173 07.11.14 00 37
SAÍDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
07 NOV. 2014
ENTRADA Nº: 8412
SAÍDA Nº:

ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

A disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) dedícase ás entidades instrumentais creadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei. No seu parágrafo 4 sinala que: "*as **normas de organización e funcionamento e os estatutos de Portos de Galicia**,... adecuaranse ao disposto nesta lei para as **entidades públicas empresariais**, por proposta conxunta dos titulares das consellerías competentes en materia de administración pública e de facenda, e modificarán, de ser o caso, as súas denominacións.*"

O Título I do borrador remitido denominado "Da organización portuaria de Galicia", dedica o Capítulo I á **"Entidade pública Portos de Galicia"**, artigos 7 a 28.

Unha vez examinado este Capítulo cabe realizar as seguintes **consideracións**:

1. A denominación do Capítulo I debe dicir "Entidade pública empresarial Portos de Galicia" en vez de "Entidade pública Portos de Galicia".

2. No artigo 7.2 debería facerse mención á tesourería propia que a entidade ten, conforme ao artigo 46.1 da LOFAXGA.

3. Insistir que ao longo de todos os preceptos analizados recoméndase substituír a expresión "Entidade pública Portos de Galicia" por "Entidade pública empresarial Portos de Galicia".

4. No artigo 11, onde se regulan os órganos da entidade, deberíase distinguir entre os órganos de goberno e o órgano executivo conforme aos órganos 64 e 65 da LOFAXGA.

5. O artigo 12 dedicado ao Presidente do Consello Reitor debe lembrarse o artigo 64.2 da LOFAXGA.

    - A presidencia corresponderalle á persoa titular da consellería de adscrición, agás que no estatuto da entidade se prevexa a posibilidade de que o Consello da Xunta nomee outra persoa para

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 21 - Fax 981 54 41 25

desempeñar o cargo por proposta da persoa titular da consellería de adscrición.

- En relación coas funcións da presidencia reguladas no apartado 3 do artigo 12, entendemos necesarias as seguintes consideracións:
  - No apartado d) debe substituírse "Consello de Administración" por "Consello Reitor".
  - No apartado f) parece innecesaria a referencia á Consellería de Economía. Proponse substituír "consellerías competentes en materia de economía e facenda" por "consellería competente en materia de facenda".
  - Nos apartados h) e i) relativos aos acordos das operacións crediticias a longo e curto prazo, debe reservarse esta competencia ao Consello Reitor, engadíndose unha referencia á suxeición ás disposicións da normativa orzamentaria e á necesidade de autorización da consellería competente en materia de facenda, no caso das operacións a longo prazo.
  - No apartado j) ademais de reenumerar por non existir en galego, debe substituírse "Consello de Administración" por "Consello Reitor".
- En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, pode preverse a súa substitución pola dirección pola persoa titular da Dirección.

6. No artigo 13.5 debe engadirse unha referencia á Sección 3ª do Titulo I da LOFAXGA reguladora do funcionamento e réxime de acordo dos órganos colexiados.
7. No artigo 15 cabe sinalar ademais o seguinte:

   - No parágrafo 1 debería cambiarse a redacción no senso seguinte:

     "*O Director é o órgano executivo responsable da xestión ordinaria da entidade pública empresarial e exerce as competencias*

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 21 - Fax 981 54 41 25

inherentes a dita Dirección, así como as que expresamente se lles atribúen no marco legal e nos estatutos e as que lles deleguen os órganos de goberno".

- No parágrafo 2 debese engadir que "será nomeado e separado por decreto do Consello da Xunta de Galicia" e matizar que "*entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo, e de acreditada experiencia*".
- Debe engadirse que "*A Dirección terá a consideración de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con rango de dirección xeral*".

8. No artigo 17 "As condicións xerais de contratación", cabe sinalar o seguinte:

   - Recoméndase substituír a súa definición por "Réxime de contratación".
   - Engadir o seguinte parágrafo "*O órgano de contratación de Portos de Galicia é a persoa titular da Presidencia, sen prexuízo das delegacións que poda levar a cabo sobre a persoa titular da Dirección.*"

9. No artigo 19.2.f) debe engadirse de conformidade co establecido ao respecto pola Consellería de Facenda.

10. No artigo 21 "Equilibrio económico financeiro e formas do seu control", cabe sinalar o seguinte:

    - Deberíase cambiar a denominación do precepto por *"Réxime orzamentario, económico - financeiro, de contabilidade e de control"*, xa que o contido do mesmo vai mais ala na súa regulación, que a relativa ao principio de equilibrio económico financeiro.
    - Conforme ao artigo 93 da LOFAXGA "o réxime orzamentario, económico- financeiro, de contabilidade e de control das entidades

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 21 - Fax 981 54 41 25

públicas empresariais é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia".

- No apartado 2 do artigo 21 relativo *á* ***dotación dun fondo****, que se dotará cunha porcentaxe aplicada os beneficios resultantes da conta explotación para atender as necesidades de explotación e as de renovación, ampliación e mellora do activo.* Non se recolle especificamente no artigo 19.2 como recurso económico da entidade
- No apartado 3 do artigo 21 sinalase que "***Compensarase*** *a Portos de Galicia polos gastos inherentes ao cumprimento das obrigas de servizo impostas pola Xunta de Galicia no exercicio das súas funcións de alta dirección institucional da entidade*".

  Sobre os puntos 2 e 3 deste artigo 21 deberá interesarse o parecer da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, cando se solicite o seu preceptivo informe durante a tramitación do expediente.

- Nada se di en relación ao control externo do Consello de Contas.
- Falta regular o control de eficacia conforme ao artigo 94 da LOFAXGA.

11. No artigo 24 relativo ao Réxime de persoal (sobre o que debe pronunciarse a D.X. da Función pública), cabe sinalar o seguinte:

- Solo se regula o persoal laboral;
- Non se menciona o Convenio colectivo ao que está suxeito o persoal laboral de Portos de Galicia.
- A proposta do cadro de persoal o a súa modificación deberá realizarse polo Consello Reitor conforme ao artigo 58 da LOFAXGA
- Os procesos de selección e provisión de postos deberán atender ao disposto no artigo 58 da LOFAXGA, ao igual que os puntos anteriores.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 21 - Fax 981 54 41 25

galicia

- Nada se regula sobre as incompatibilidades do persoal de Portos de Galicia.

12. Nada se regula sobre persoal directivo conforme ao artigo 60 da LOFAXGA.
13. Non se regula sobre
    - Recursos contra os actos de Portos de Galicia.
    - Asistencia xurídica e a súa representación e defensa.
    - Responsabilidade patrimonial.
14. Debe regularse o Plan de actuación conforme ao artigo 91 da LOFAXGA.e o control de eficacia

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2014

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

XUNTA DE GALICIA * SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO * CONSELLERÍA DE FACENDA

Mª del Socorro Martín Hierro

Sra. Secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar